



CG/ap

Asunto	Informe en relación á resposta do promotor ao informe do 20.05.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE-CO-032-21(1) PE-CO-032-21(2)
Proxecto	Parque Eólico As Encrobas		
Espazo natural	Reserva da biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo"		
Concello	Carral e Cerceda		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	Ref.	
Promotor	Naturgy Renovables SLU	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 23.09.2022, do Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural (en adiante DXPN), para o noso coñecemento e efectos da resposta presentada polo promotor, o 21.06.2022, ao informe desta dirección xeral do 20.05.2022 sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico de As Encrobas.

A documentación que se achega co oficio é o escrito presentado pola promotora o 20.06.2022 co seguinte asunto: "Expte. IN408A 2020/93. Respuesta a Informe de la Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico As Encrobas (Cerceda, Carral y Ordes).

Posteriormente, mediante nota interior do 22.12.2022 da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe relativo á caracterización dos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia, derivado do feito de que esta instalación se atopa nun ADE no que hai proxectados varios parques eólicos.

Con anterioridade, dentro do procedemento de avaliación ambiental, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe en relación ao mesmo parque eólico. O informe evacuouse o 20.05.2022 ao Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. O informe concluía indicando que se consideraba que non era previsible que o



proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garantise o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se tivesen en conta as consideracións e condicionantes que se recollían no informe.

II. Resumo da documentación

Nesta documentación, correspondente á resposta ao informe desta Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 22.05.2022, o promotor manifesta a súa conformidade co contemplado no mesmo, interpondo unicamente algunhas matización e obxeccións ás medidas recollidas no informe relativas á avifauna e aos quirópteros. Dentro destas obxeccións por un lado fan referencia que non é esperable unha incidencia significativa sobre os quirópteros, a colación das medidas que se lles requirira sobre este orden, e por outra, que o sistema de DTBird ou similar non ten demostrada a súa eficacia ao igual que o pintado das aspas, en referencia a necesidade da súa implementación contempladas no informe.

Estas achegas salvo á relativa aos quirópteros, para cuxa argumentación se remiten ao EslA, presentase sen datos que xustifiquen a súas afirmacións.

Como resposta a tales obxección cabe referir o seguinte:

- Respecto aos quirópteros indicar que anque o impacto sexa baixo este segue presente e as medidas buscan mellorar a integración e maximizala na medida do posible. En todo caso as medidas sinaladas son de aplicación a tódolos parques da comunidade autónoma galega e nas mesmas condicións, as recollidas no informe.
- En relación ao sistema DTBird ou similar, así como o pintado das aspas cabe indicar o mesmo que no anterior punto, no senso en que o condicionado exposto é xeral para a adopción por todos os parques galegos de nova execución e nos termos sinalados no informe.



III. Análise e avaliación de sinerxias.

A raíz da solicitude efectuada aproveitase para revisar a documentación obrante no expediente de referencia co fin de poder dar resposta á caracterización dos efectos sinérxicos que se detectan en relación a este proxecto. Nun primeiro termo se fará alusión ao ámbito de estudo que a este respecto se incorpora en devandita documentación para a posteriori interpor a análise e valoración específica de esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

— **Identificación, descrición e análise dos efectos sinérxicos do proxecto efectuada no estudo de impacto ambiental sobre os factores do patrimonio natural e a biodiversidade.**

A documentación da promotora onde se contemplan o estudo de sinerxias se corresponde co “ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DEL PARQUE EÓLICO AS ENCROBAS EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE CARRAL, E CERCEDA. Maio de 2021”.

Neste senso o EsIA no seu ANEXO 7 “ESTUDIO DE SINERGIAS”, leva a cabo o estudo dos efectos aditivos e/o sinérxicos que sucedan entre os elementos do presente proxecto con outros entre eles de parques eólicos.

Tivéronse en conta para a realización deste estudo todos os parques eólicos en explotación, con autorización vixente ou en fase de tramitación administrativa que teñan algún aeroxerador situado a menos de 20 km dalgún dos aeroxeradores do parque.

Parque	Nº aeroxeradores	Distancia (km)
Pes Inditex (PE en explotación o autorizado)	1	15,91
Pes Arteixo (PE en explotación o autorizado)	1	18,98
Monteagudo (PE en explotación o autorizado)	7	18,98
Pes Laracha (PE en explotación o autorizado)	1	19,80
Pedrarrubia (PE en explotación o autorizado)	1	23,19
Carboeiro (PE en Tramitación)	8	8,29
O Picoto (PE en Tramitación)	1	10,51
Pena Galluda (PE en explotación o autorizado)	1	14,09
Coto Loureiro (PE en Tramitación)	18	7,81
Pico Cerdeira (PE en Tramitación)	16	10,39
Pes Cerceda (PE en explotación o autorizado)	2	8,99





Meirama (PE en Tramitación)	13	2,06
Monte Inxeiro (PE en Tramitación)	11	7,86
Solpor (PE en Tramitación)	7	8,54
Gasalla (PE en Tramitación)	7	13,73

— **Análise e valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.**

Exposto o ámbito de estudio considerado na documentación da promotora de seguido se faise a análise e valoración propia desta Dirección Xeral, neste senso cabe destacar os seguintes aspectos.

As áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo Plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural ven establecendo unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.

Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión



3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios:

- ❖ Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.
- ❖ Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia.
- ❖ Reservas da biosfera.
- ❖ Resto do territorio.

A partir desta aproximación, en segundo lugar avalíase a situación local.

O proxecto analizado sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles.

IV. Conclusións.

A vista do escrito achegado polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 22.05.2022 reiteramos as medidas que foran recollidas e nos termos contemplados en devandito informe.



Por outro lado, revisada a documentación obrante no expediente, e da súa análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico As Encrobas, infórmase que **o presente proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias.**

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas